

ENTROIDOS SINGULARES



Os entroidos máis famosos do país son, sen dúbida, os ourensáns. Laza, Verín e Xinzo de Limia convértense por uns días nas capitais de Galicia.

Algúns dos personaxes máis tradicionais do entroido galego son:

Os **peliqueiros de Laza**: Os seis "chocos", similares a cencerros, que levan á cintura avisan da súa presenza. Cada un pesa kilo e media e son de ferro e bronce. O traxe está composto de varias pezas: carauta, chaqueta de cores, camisa branca e garavata, unha faixa por riba duns calzóns curtos, medias vermellas con ligas e zapatos negros. Ademais leva adornos e outros accesorios.



A carauta é de madeira de bidueiro e ten unha prolongación a modo de crista onde se reproducen motivos de animais. Leva uns pompóns, "**pondóns**", que colgan dos extremos. Na man leva a **zamarra**, unha especie de fusta que se usa únicamente contra aqueles que non respectan ao peliqueiro ou se interpoñen no seu camino.